

## ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO

**Luns, 6 de abril de 2026**

Cando son as 12:30 horas do día 6 de abril de 2026, na Sala Branca do Concello, dáse por constituída a Mesa Xeral de Negociación para persoal funcionario do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa asistencia das organizacións sindicais legalmente lexitimadas e coa presenza, con voz pero sen voto, da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa, segundo a listaxe de asistencia adxunta. Exerce como secretario D. Manuel Franco Leis, acompañado por Jorge Patiño Moledo, auxiliar en prácticas académicas do grao de Relacións Laborais da USC.

A concelleira de Persoal dá inicio á mesa de negociación facendo unha introdución dos puntos da convocatoria que se van tratar, e a seguir propón a modificación da orde do día, concretamente do punto número tres, relativo á modificación puntual da RPT pola petición de CSIF de tratar a modificación da RPT na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

As organizacións sindicais representadas aproban o cambio e pasa a ser o primeiro punto da Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos.

1.- Pásase a tratar o punto número 1 da convocatoria e, unha vez rematada a exposición por parte do equipo de goberno, ábrese un período de intervencións:

UGT pide aclaración sobre a forma de redacción do artigo 44 do acordo marco e pregunta cal é o cambio que se quere facer, xa que, comparando a redacción, é a mesma que a anterior.

Dende o equipo de goberno respóndese que a modificación ten que ver coa supresión do parágrafo segundo do mesmo artigo 44, xa que se elimina a retribución mediante gratificación por noite realizada, e a xornada nocturna pasa a estar valorada dentro do CE e recollida na RPT, polo que procede anular esa parte do artigo 44 para non duplicar e ser coherente coa integración e valoración dentro do CE.

Por parte de UGT xorde a pregunta de que ocorrería se puntualmente un traballador (poñendo por caso, do aparcadoiro) pasa a ter que realizar horas pola noite en xornada nocturna: se se elimina ese parágrafo, non podería cobrar.

O equipo de goberno explica que eses casos de horas puntuais que non son xornada ordinaria en quenda de noite se contemplarían como situacións de horas extras nocturnas, que se cobrarían segundo o previsto no acordo marco e se retribuirían como horas extras, e aclárase que xa se vén facendo así; pero que ter dúas horas da quenda ordinaria de xornada entre as 22:00 e as 24:00 horas non significa ter xornada nocturna. Actualmente, soamente a Policía Local e Emerxencias teñen a xornada nocturna.

Ante esta explicación por parte do equipo de goberno, UGT finaliza expoñendo que o acordo marco coa redacción proposta vén reflectir practicamente o contido do Estatuto dos Traballadores.

Pásase á votación do primeiro punto da orde do día:

Aprobación, por voto unánime a favor, de todas as organizacións sindicais, polo que queda aprobada a modificación do artigo 44 do acordo marco, que queda redactado como segue:



“Enténdese por xornada nocturna cando polo menos a metade da xornada ordinaria diaria estea comprendida entra as 22:00 do día de inicio e as 8:00 do día seguinte.”

2.- Unha vez votado o primeiro punto do día, pásase a tratar o segundo punto:

CSIF solicita explicación sobre a redacción do Regulamento da Policía Local debido ao horario diferente (de 22:30 a 7:00 horas) ao establecido no acordo marco (de 22:00 a 8:00 horas), ao que se contesta dende o equipo de goberno que esa diferenza é debido aos horarios establecidos nas quendas da Policía Local para facilitar así os cálculos para as nocturnidades. Pero enténdese que é unha concreción para a Policía Local dentro do horario máis amplo que recolle o acordo marco.

Pásase á votación do punto segundo da orde do día:

Aprobación, por unanimidade a favor, de todas as organizacións sindicais, polo que queda aprobada a modificación do Regulamento de Organización da Policía Local, que queda redactado como segue:

“8.5. El trabajo en turno de noche (22:30 a 7:00) dará lugar a la compensación económica establecida en la valoración de RPT.”











Non se realizan rogos e preguntas, polo que queda este punto diferido para a mesa de empregados públicos.

Ás 13:00 horas dáse por rematada a sesión, da que se estende a presente acta.

O secretario.



LISTA DE ASISTENCIA MESA FUNCIONARIOS 6/4/2026

	NOME	SINDICATOS	SINATURA
1	Raúl de Souza Escobias	CSIF	
2	Terêncio Fernandes	CSIF	
3	Maria Dora Monteiro	CCOO	
4	Helder Aires de Carvalho	UGT	
5	Fco. Javier Guichón Bosta	CIG	
6	David Hochales	CIG	
7	Juan Samuel Ojiverina	CIG	
8	Adrián Balsega Carrigoto	CIG	
9	José Luis Viera Gómez	CSIF	
10	Jacobo Carras Aguado	CIG	
11			
12			
13			
14			
15			